
Fonte: As editoriais galegas

NOVIDADES EDITORIAIS PARA O OUTONO DE 2002

Xerais	2
Galaxia	5
Edicións Positivas	7
Kalandraka	8
Edicións A Nosa Terra	9
Edicións do Cumio	10
Ir Indo	11
Edicións do Castro	13
Espiral Mayor	14
Sotelo Blanco	15

XERAIS

Xerais Narrativa

Trala recente aparición de *Materia prima. Relatos contemporáneos*, volume colectivo onde participan dezasete escritores e escritoras representativos da mellor narrativa galega de fin de século, anúnciase dentro da colección “Xerais Narrativa” a saída, a primeiros de outubro, de dúas novas entregas: *Concubinas* de **Inma López Silva** e *Pensamentos impuros* de **Xurxo Borrazás**.

Concubinas da xove narradora Inma López Silva, novela gañadora do **Premio Xerais 2002**, é unha historia de amores e de vinganzas que superan as fronteiras do espazo e do tempo e que está protagonizada polas mulleres dunha familia esquivada polo amor. A través dun estilo literario moi coidado, a novela constitúe un escaparate fantástico de personaxes e anécdotas polo que van desfilando os protagonistas e as súas vidas a partir dun escenario mítico denominado San Eirís, onde os frades non morren e o río baixa con auga vermella cada 18 de xullo.

Pensamentos impuros de Xurxo Borrazás incíbese na tendencia literaria daqueles autores que cuestionan o dominio da vixilia sobre o soño e sosteñen que non paga a pena diferenciar entre os soños, a memoria e a imaxinación. Obra narrativa tan inclasificable como fóra *O desintegrista*, a nova entrega narrativa de Borrazás sitúase nun territorio cotián e inmediato que se poden confundir cos de calquera lector ou lectora contemporáneos.

Xerais Fóra de Xogo

Dentro da colección “Xerais Fóra de Xogo”, proposta narrativa para grandes públicos, anúnciase a inmediata aparición das novelas *Pel de lobo* de **Xosé Miranda**, *Carmín* de **Domingo Tabuyo** e *¡Balea morta ou lancha a pique!* de **Jaureguizar**.

Pel de lobo de Xosé Miranda, obra gañadora do Premio Merlín 2002, é a narración das andanzas de Fulxencio Nóvoa e o seu fillo Xosé, dous bos tiradores, que acudirán á chamada das xentes do Incio, na procura dun lobo enorme, unha besta que xa comeu un par de nenos e unha rapaciña que pastoreaba o gando. Alí no Incio coñecerán a beleza inquedante das irmás Ana e Aurora e enfrontaránse ás gadoupas dun animal que non ten medo do home nin do lume. *Pel de lobo*, fermosamente escrita, insírese na vizosa tradición literaria galega que arrinca das historias de Laureano Prieto, Vicente Risco, Ánxel Fole ou Álvaro Cunqueiro.

Carmín supón o debut narrativo de Domingo Tabuyo. Novela de intriga, coidadosamente construída, aborda a historia de Rafa Meruelo, un mozo que nun mesmo día coñecerá dúas noticias que mudarán o transcurso da súa vida: atopará un traballo e será abandonado pola súa moza.

¡Balea morta ou lancha a pique! de Jaureguizar é a segunda das entregas protagonizadas por Expósito Vindeira, o capitán Thunderskin de *A rutina corsaria*. Vindeira desta volta viaxará., acompañado da súa tripulación corsaria, ata a illa de Nantucket co obxectivo de visitar o Pequod, o barco co cal Ahab dera caza á balea Moby Dick.

No mes de novembro está prevista a aparición da terceira entrega de *O señor dos aneis*, co que Xerais finaliza a publicación da triloxía tolkiniana, traducida

para o galego por Moisés Rodríguez Barcia, e a novela de **Agustín Fernández Paz**, *Noite de voraces sombras*.

Xerais Crónica

Dentro da colección Xerais Crónica anúnciase a aparición, a primeiros de novembro, de **Muller no baño**, obra que recolle a obra xornalística última de **Manuel Rivas**, unha lúcida reflexión sobre a creación e a sociedade contemporánea.

Xerais Dicionarios

Dentro da serie lexicográfica de Xerais aparecerán no mes de outubro tres importantes obras: *Diccionario dos verbos galegos Laverca*, preparado por Manuel González e outros profesores da Escola Superior de Telecomunicacións da Universidade de Vigo; *Diccionario Tecnolóxico de Electricidade e Electrónica*, preparado por Emilio Rodríguez Portabales e o novo *Diccionario Xerais da Lingua*.

A aparición do novo *Diccionario Xerais da Lingua*, preparado polo equipo de léxicógrafos coordinado por Xosé María Carballeira Anllo, autores do *Gran Diccionario Xerais da Lingua*, constitúe outro fito na dicionarística contemporánea. Máis de 40.000 voces normativas, a inclusión de etimoloxía e a de, por vez primeira, láminas a toda cor, son as maiores novidades desta obra destinada ao grande público.

Xerais Peto

Dentro de Xerais Peto anúnciase, a primeiros de outubro, catro títulos cos que a colección chega á fronteira do medio cento: *Ana Soror* de **Marguerite Yourcenar**, novela traducida por María Xosé Queizán, directora tamén da serie de literatura de muller, "As Literatas", onde se publica; *Escáner*, escolma de relatos policíacos e de intriga de **Ramón Caride**; e dúas entregas dunha nova proposta para avivecer o debate sobre cuestións de actualidade: *A Normalización Lingüística* e *A Homosexualidade*.

Xerais Poesía

Dentro da colección **Ablativo Absoluto** anúnciase a aparición de *Damas Negras*, unha antoloxía de música e poesía cantada por mulleres e *Unha tarde de traballo nos bosques do cânabo*, o último poemario de **Claudio Pato**. Dentro da colección **Xerais Alternativas** anúnciase a publicación de *Vinte cadernos. Poemas 1969-2002*, onde **Darío Xohán Cabana** reúne toda a súa poética. Así mesmo, dentro da mesma serie, aparecerá *Derradeira escolma ferida*, que recolle a obra poética inédita do grovense desaparecido **Manuel Lueiro Rey**.

Xerais Grandes Obras

Dentro desta serie de libros de agasallo no mes de novembro aparecerán catro títulos: *Mans salgadas*, obra fotográfica sobre o traballo no mar, preparada por **Javier Teniente**; *O saber do pobo*, unha enciclopedia do folclore galego (traxe, danza, música), preparada por **Calixto Albán**; *Gameleiros*, obra fotográfica de **Manuel Álvarez**, acompañada de poemas de **Miro Villar**; e *Vigo por Magar*, volume que recolle unha ampla antoloxía do traballo de **Manuel García "Magar"**, o fotoxornalista vigués, acompañada de textos de **Fernando Franco** e **X.L. Méndez Ferrín**.

Xerais Álbums de Postais

Dentro desta serie veterana no catálogo de Xerais, dirixida por **Carlos Díaz Martínez**, aparecerán tres volumes: *A memoria de Ferrol*, *A memoria da Arousa* e *A memoria de Tui*.

Xerais Infantil

Dentro das series de literatura infantil anúnciase unha ampla oferta dentro das coleccións Merliño, Merlín, Pequeño Merlín, Sopa de Libros, A letra dormente e Cabalo Buligán.

Así dentro de **Xerais Merlín** aparecerán: **Derradeira carta ós Reis Magos** de **Fina Casalderrey**, conto ilustrado por **Hoa-binh Melgar**; *Un* de **Christine Nöstlinger**, ilustrado por **Enjamio**; *Cos pés no aire* de **Agustín Fernández Paz**, ilustrado por **Miguelanxo Prado**, *Estanislao, príncipe de Sofrovia* de **Manuel Lourenzo**, ilustrado por **Santiago Gutiérrez** e *Camiño perigoso* de **Ánxela Loureiro**, ilustrado por **Juan Carlos Abraldes**.

Dentro da serie **Merliño**, dirixida a primeiros lectores, aparecerán tres novos títulos: *Garoto busca unha estrela*, escrito e ilustrado por **Marta Rivera Ferner**; *¡Como está o galiñeiro!* de **Marta Álvarez** e *Carlota e a bota perdida*, escrito por **Miro Villar** e ilustrado por **Enjamio**.

Dentro da colección **Xerais Sopa de Libros** aparecerán catro novidades: *A casa da luz*, novela de **Xabier P. Docampo** ilustrada por **Xosé Cobas**; *Tres amigos* de **Helmer Heine**, *A góndola fantasma* de **Gianni Rodari** e *Historia dos coellos nas chistera* de **Carles Cano**.

Dentro da colección **Pequeño Merlín**, álbums duros en cartoné para lectores de dous e tres anos, aparecerán dúas novas entregas da serie “Orelliñas”, preparada pola ilustradora alemana Roser, *¿Onde estás, Orelliñas?*, *Orelliñas vai de compras*.

Dentro da serie de álbums infantís a novidade será *A casa da duna*, obra moi singular preparada por Fran Alonso e ilustrado polo fotógrafo **M. G. Vicente**. Así mesmo aparecerán *Cando os animais falaban. Cen historias daquel tempo*, volume preparado por **Xosé Miranda** e **Antonio Reigosa**, ilustrado por **Andrés Meixide**, e *Contos de Perrault*, traducidos por **Carmen Torres París**. Por último, dentro da colección “Xerais A Letra dormente” aparecerá o relato *Area maior* de **Manuel M. Barreiro**, ilustrado por **Marcela Santorum**.

GALAXIA

Despois do verán que vimos de sufrir, tan falto de sol e tan propicio para a lectura, onde poidemos disfrutar coa inmensa novela póstuma de Carlos Casares, ***O sol do verán***, adentrarnos pola narrativa curta de Otero Pedrayo verquida nas revistas Finisterre e Sonata Gallega no que demos en titular ***Artigos de Posguerra***, ou mesmo recoñecer a mestría do catalán Jaume Cabré coa súa novela longa ***Señoría***, e os relatos de Miguel Anxo Fernández de ***O sabre do francés***, entre outras novidades curiosas, como a historia da mostra e concurso de teatro de Ribadavia reverdecida da man de Dolores Vilavedra e Inma López Silva en ***Un abrente teatral***, ou a ***Introducción ás grandes teorías do teatro***, do francés Jean-Jacques Roubine, coeditado co IGAEM, ao igual que ***A lenda da Coca de Redondela***, de Xesús Cameselle, Galaxia prepara o Outono con outra mancha de novidades. Para todos os gustos e para todas as idades atoparemos libros de interese. Comezando polos máis pequenos, veñen de saír estes días novas edicións de ***Espantallo amigo***, de Xosé Neira Vilas e de ***As catro estacións***, de Antonio García Teijeiro, na colección Árbore. Pero tamén se incorporou un novo título de Xerardo Quintiá, estrea da súa obra na literatura infantil, ***A verdadeira historia do burro Feldespato***. E está a piques de saír do prelo ***Desventuras dun lobo namorado***, nova aportación dunha autora clásica de libros para rapaces, Fina Casalderrey. Cara ao Nadal, agardamos a segunda entrega en galego da serie de Harry Potter, ***Harry Potter e a cámara dos segredos***, de J. K. Rowling.

A mocidade terá en Costa Oeste dúas novidades, ***Unha alma nobre***, de Fred Uhlman, o que entenderíamos como continuación da novela do mesmo autor, ***Reencontro***, xa publicada nesta mesma colección no ano 2000, e ***Melúsina***, outra novela de Andrea Hensgen.

Para adultos, na colección Literaria, apareceu xa neste mes unha nova edición da ***Antoloxía do conto popular galego***, de Henrique Harguindey e Maruxa Barrio, e prométense de aquí a finais de ano varias aportacións interesantes: ***Un nicho para Marilyn***, a novela de Miguel Anxo Fernández que obtivo o Premio Manuel García Barros de Novela 2002, ***O embrión***, novela póstuma de Antón Risco que foi Premio de Novela Xosé Rubia Barcia-Cidade de Ferrol 2002, e unha ***Antoloxía do relato en lingua portuguesa***, de varios autores, como máis inmediato. A continuación, chegarán tres novelas, de Vítor Vaqueiro, ***Os nomes da morte***; de Alfonso Álvarez Cáccamo, ***Bosque de levas***; e de Xabier López López, ***Emilio Amarante***.

Descuberta, a colección para novos valores, traeranos os relatos de Nicanor Alonso, ***Osa menor***, e de Santoro de Membiela, ***Positively***. E publicárase o 2º Premio de Ensaio Ramón Piñeiro que vén de conseguir Anxo A. Rei

Ballesteros con **Tempo e vinganza**. Sen esquecer aos clásicos universais en galego, dos que recentemente se publicaron **Diálogo de deuses e diálogos de prostitutas**, de Luciano de Samosata, ou **Gregorio**, de Hartmann Von Aue.

Pero, se cadra, a meirande novidade dentro da literatura universal en lingua galega sexa o comenzo da publicación das obras completas de William Shakespeare, que principian con **Noite de Reis e Romeo e Xulieta**.

O Nadal recibirá dúas agradables publicacións en formato de luxo, **Galicia**, con texto de Ramón Piñeiro e fotografías de Vitor Vaqueiro, e, como non podía ser menos neste ano en que se conmemora o terceiro centenario da batalla de Rande, un precioso libro ilustrado con gravados da época que se vai titular **Rande**. Así como o texto gañador do Premio de Investigación Taboada Chivite que coeditamos co Concello de Verín, e que nesta ocasión leva por título **A etapa portuguesa de Colón e a súa viaxe a Ultra-Tile**, de Xoán Bernárdez.

Esto é, en liñas xerais, o que nos agarda. Non resulta descartable que polo medio aparezan outras cousas en proceso de produción, como por exemplo, **Impresións Iberia**, de Petit Colin, que na colección *Galicia no espello* vén recollendo as impresións dos viaxeiros que chegaban a Galicia nos séculos pasados. Sen esquecer a revista Grial, que despois da última entrega cun monográfico sobre o audiovisual en Galicia, sacará outro, en Outubro, titulado **Galicia, cidade atlántica**.

Libros de todo e para todos, libros galegos, libros Galaxia.

EDICIÓNS POSITIVAS

1- Revista Animal, nº 13
 Data de publicación: 15 de novembro
 Contidos: Hip hop no Brasil
 Tangata (entrevista)
 Contos de Palestina
 René Vautier (entrevista)
 Fotos de Joaquín Silva
 Incubación (creación literaria)
 ¿Que pasa coa prensa?

...

2- "Lendas Hindús" (Colección POPULAR)
 Antoloxía das lendas máis populares na India, as que marcaron a
 relixión e idiosincrasia dos hindús.

3- "Contos Xitanos" (Colección POPULAR)
 Selección de contos xitanos, contos vellos e novos, de todas as
 partes, alegres e tristes, contos nómadas, onde os xitanos se nos mostran
 tal e como eles se cren que son, ou o mundo que eles desexarían.

4- "Moda Galeda", de María Reimóndez (Colección DI-VERSOS)
 Unha descrición da moda, da roupa exposta nos escaparates de
 determinandas tendas. Unha ollada variada, segundo as estacións do ano, e
 dependendo do público ao que se dirixe o escaparate. Pero unha única
 mirada, a da poeta María Reimóndez.

5- "e-demo", de Eva Moreda.
 Un individuo emigra aos EE.UU. fuxindo das necesidades do seu país,
 e alí acaba resucitando unha vella querencia, que non era outra que tocar o
 saxo, e percorre todo ese país americano tocando coas grandes figuras do
 jazz. Literatura apaixonada por un jazz que todos recoñecemos.

KALANDRAKA

As novidades de Kalandraka para este outono serán:

dentro de DEMADEMORA colección de contos de creación para os primeiros lectores está:

ARCO DA LÚA, escrito por Txabi Arnal e ilustrado por Susanna Widmann

dentro de OS CONTOS DO TRASNO colección de contos clásicos e populares os primeiros lectores está:

O HOMIÑO DE MAZAPÁN, adaptado por raquel Méndez e ilustrado por Elia Manero

dentro de TRAS OS MONTES colección adicada a rfecuperar para o galego clásicos contemporáneos da literatura infantil está:

¿QUEN VIU AS TESOIRAS?, de Fernando Krahn

dentro da colección TIRAMILLAS colección para nenos de a partir de doce anos sairán as obras:

A FAMOSA INVASIÓN DE SICILIA POLOS OSOS, de Dino Buzatti

e

CO VENTO DE CARA, de Peter Härtling

Como principal novidade, este outono iniciaremos a colección BOOKS FOR DREAMING

Books for dreaming (*Libros para soñar*) é unha colección de álbumes galegos traducidos ao inglés. As primeiras obras desta colección son a traducción do *Coelliño branco*: **The little white rabbit**, conto popular portugués adaptado por Xosé Ballesteros e ilustrado por Óscar Villán, galardonado co Premio Nacional de Ilustración 1999, a traducción de *Once damas atrevidas*: **Eleven audacious ladies**, conto popular adpatado por Xosé Manuel González Barreiro "Oli" e ilustrado por Helle Thomassen e a traducción de *¿Onde perdeu lúa a risa?*: **Where did the moon lose her laughter?**, escrito por Miriam Sánchez Moreiras e ilustrado polo vigués federico fernández. Esta obra- na súa versión galega- ven de ser premiada ete verán co 1º Premio nacional de Ilustración, que outorga o Ministerio de Cultura español.

A NOSA TERRA

Na colección: Froita do Tempo
Amigo medo
Autor: Xavier López Rodríguez

Os probes de Deus
Luís Amado Carballo

Na colección: Nós os galegos
Benvida maldita vellez
Autor: Ramón Muñiz de las Cuevas

Contos do Miño
Autores/as: Xosé López / Susana Casal

Colección Esencias
Breve historia da música galega
Autora: Pilar Alén

EDICIÓNS DO CUMIO

Ortografía e estilo da Lingua Galega, de Xosé Feixó.

Gramática da Lingua Galega, de varios autores.

Diccionario Cumio de expresións e frases feitas castelán-galego, de Xosé Antonio Pena.

Diccionario Cumio de Construcións Preposicionais, de Xesús Riveiro.

O Entroido Ancestral, de Carlos Puga, Nacho González e X. Dasairas. (Libro de fotografía).

Naturguía de Corrubedo e a Barbanza, de Manoel Santos.

Biografía de Paco del Riego, de Antón Mascato.

De pano sedán, varios autores. (Libro de partituras con gravacións en CD).

Descrición económica do Reino de Galicia, de Lucas Labrada. (Edición facsimilar).

IR INDO

Ir Indo editará dezaseis novas obras de cara ó próximo outono, novidades asinadas por autores noveis, como os gañadores do XIV Premio de Narracións Xuvenís ³Rúa Nova² 2002, e tamén por clásicos como Kipling, Allan Poe ou Verne, entre outros.

O xoves día 19, presentáronse en Santiago "El héroe de Duranza", de Juan Gómez Bárcena, e "OTMA Nicolaievna. As catro grandes descoñecidas", de Raquel Campos Pico. Son as dúas novelas gañadoras dos Rúa Nova deste ano, caracterizadas pola súa profundidade e gran calidade literaria.

A finais de setembro, baixo o epígrafe Rutas en español, sairá a guía "Santiago de Compostela en 24 horas", unha práctica obra de Llerena Perozo que ofrece un orixinal percorrido para coñecer a cidade do Apóstolo en só un día e unha noite.

Baixo o nome de Clásicos Ir Indo comeza a súa andaina unha nova colección que traducirá os grandes clásicos da literatura á nosa lingua, poñendo a disposición do público galego lecturas indispensables dos autores cumio da literatura universal. Os dous primeiros títulos achegan unha selecta escolla dos relatos de Rudyard Kipling e de Edgar Allan Poe, coas obras "15 relatos" e "Berenice", respectivamente. Despois, cara a outubro, virán "20.000 leguas de viaxe submarina", de Jules Verne, e "O gran Gastby", de F. Scott Fitzgerald.

Ademais, e seguindo coa publicación das obras completas de Concepción Arenal, a finais de outubro editaranse os dous volumes en castelán que compoñen a obra "El Pauperismo".

En colaboración co xornal La Voz de Galicia, estanse ultimando as edicións da obra gañadora do Concurso de Novela por Entregas deste ano, "O repenique de Beatriz Goldar", de Miguel Suárez Abel; e dos "Relatos de Verán 2002".

Dentro da colección infantil-xuvenil O Elefante Contacontos, os novos títulos son "O verdadeiro señor Pepe", de Isabel Cao; e "Leo era un león", de María Canosa, ambos os dous destinados ó público máis novo.

Por último, cara a finais de ano está prevista a edición, dentro da colección A Fraga (de ensaio e investigación), de "A batalla de Cavite", de Enrique López Veiga. Sairá tamén a biografía de "Xosé Neira Vilas", redactada por Ramón Regueira para a colección Galegos na Historia e, dentro da colección Narrativa Gran Formato, Xaime Aguiar ofrecerá literatura de calidade en galego con "Á espera de Ulim".

Listado de Novidades

SETEMBRO

El héroe de duranza- Juan Gómez Bárcena. Col. Biblioteca Nova 33

OTMA Nicolaievna. As catro descoñecidas- Raquel Campos. Col Bibl. Nova 33
Santiago de Compostela en 24 horas- Llerena Perozo. Col Rutas en español
15 relatos- Rudyard Kipling. Clásicos Ir Indo
Berenice e outros relatos- Edgar Allan Poe. Clásicos Ir Indo

OUTUBRO

O repenique de Beatriz Goldar- Miguel Suárez Abel. Narrativa Gran Formato
20.000 leguas de viaxe submarina- Jules Verne. Clásicos Ir Indo
O gran Gastby- F. Scott Fitzgerald. Clásicos Ir Indo
El pauperismo (Dous tomos)- Concepción Arenal. Obras Completas
A batalla de cavite- Enrique López Veiga. Col. A Fraga

NOVIEMBRE

Relatos de verán 2002- VV. AA. Col. Narrativa
O verdadeiro señor Pepe- Isabel Cao. Col. Elefante Contacontos
Leo era un león- María Canosa. Col. Elefante Contacontos

DECEMBRO

Xosé Neira Vilas- Ramón Regueira.- Col. Galegos na Historia
Á espera de Ulim- Xaime Aguiar.- Col. Narrativa Gran Formato

EDICIÓNS DO CASTRO

Narrativa:

- O FRADE ERA GALEGO E OUTROS CONTOS, de Pura Vázquez
- CONTRATO NULO, de Xosé Manuel Carballo

Poesía:

- O TRÁNSITO DA AUGA, de Xosé Lois Rúa Núñez
- LA NOCHE AZUL, de Alvaro Gómez

Documentos:

- JOSÉ LÓPEZ BOUZA. DO ANARQUISMO AO REPUBLICANISMO E O SEU FILLO O PINTOR JOSÉ LÓPEZ FERNÁNDEZ, de Eliseo Fernández
- HISTORIA DO PCE EN GALICIA (1920-1968), de Víctor M. Santidrián
- A CORUÑA, 1939: MEMORIA CONVULSA DE UNA REPRESIÓN, de Luis Lamela
- VISTO AL PASAR. MEMORIAS, de Carmen Antón

Ensaio:

- A PRIMEIRA LUZADA. OBRAS COMPLETAS DE FRANCISCO DE FIENTOSA, de Ricardo Polín
- FAZER(-SE) UN NOME: EÇA DE QUEIROZ-GUERRA DA CAL, de Joel Rodríguez Gómez

Cadernos do Seminario de Sargadelos:

- CATÁLOGO DE CRUCEIROS DA TERRA CHÁ: CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES DA PASTORIZA, de Fernando Arribas, José Manuel Blanco e Mario Saavedra

Biblioteca del Exilio:

- TEATRO AUSENTE, de José Ricardo Morales (ed. de Claudia Ortego)
- EL EXILIO GALLEGO DE LA GUERRA CIVIL, de Carlos Fernández Santander

Revistas:

- UNIÓN LIBRE, nº 7

ESPIRAL MAIOR

As edicións estrela deste ano son

Avilés de Taramancos: Obra poética completa

Antoloxía de Poesía Infantil galega dos séculos XIX e XX

SOTELO BLANCO

Título: Eduardo Pondal. Poesía galega completa III. Poemas manuscritos
Edición de Manuel Ferreiro

Título: Historia da literatura medieval galego-portuguesa
Autor: Xosé Ramón Pena

Título: A esperanza bretona
Autor: Anxo Fernández Ocampo

Título: Os (pre)textos galegos (1863-1936)
Autora: Goretti Sanmartín Rei

Título: Polos Mares do Sur
Autor: Jack London
Traducción de: M^a Fe González Fernández

Título: Baixo o luar do acantilado
Autora: Annelies Schwarz
Traducción de: Rosa Marta Gómez Pato

Título: Eu aprendo. A cidade (galego-inglés)

Título: Eu aprendo. A granxa (ga/ego-inglés)

Título: Eu aprendo. Tempo libre (galego-inglés)

Título: Eu aprendo. A casa (ga/ego-inglés)

Título: A Trabe de Ouro N.º.50 (revista trimestral) .